

Campa Nadal

Decembro 2022

Concello de  Oleiros

CAMPAMENTO DE CINCO DÍAS onde os nenos e nenas a través de actividades dinámicas e educativas, aprenderán de forma lúdica en contacto coa natureza e co medio, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables. Levarán a cabo obradoiros ao aire libre, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.

PROGRAMA PARA O GRUPO DE 6 A 8 ANOS

	1º DÍA	2º DÍA	3º DÍA	4º DÍA	5º DÍA
09.00 ás 09.30	Recibimento escalado, nenas, nenos co acompañante... debuxos e cores da emoción...				
09.30 ás 10.00	Asemblea de benvida Programa nadal, normas de convivencia e material...	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos e Cantos de Nadal
10.00 ás 10.30	Xogos grupais de presentación e cooperativos	Ruta ambiental (con achegamento en bus)	Elaboración de tarxetas con cartón reciclado	Itinerario ambiental (con achegamento en bus)	Xogos populares, cooperativos e ambientais
10.30 ás 11.15	Carta para o Apalpador/ Mural do bosque		Saída ambiental pola contorna de Santa Cruz		Finca da Carballeira e Fraga de Cecebre
11.15 ás 11.30	Merendiña	A paisaxe costeira e a invernada de aves	Merendiña	Observación de aves desde o Observatorio de Crendes ou Orto	Merendiña
11.30 ás 12.00	Tempo libre. Xogos no parque ou no patio		Tempo libre. Xogos no parque ou no patio		Tempo libre. Xogos no parque ou no patio
12.00 ás 13.30	Traballos na Horta ecolóxica	Merendiña en ruta	Obradoiro con noces e piñas. Xoguete da natureza de inverno: asubioté.	Merendiña en ruta	Encontros de Nadal de Pequenos e Maiores e visita sorpresa
13.30 ás 14.00	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día. Despedida final

PROGRAMA PARA O GRUPO DE 9 A 11 ANOS

	1º DÍA	2º DÍA	3º DÍA	4º DÍA	5º DÍA
09.00 ás 09.30	Recibimento escalado, nenas, nenos co acompañante... debuxos e cores da emoción...				
09.30 ás 10.00	Asemblea de benvida Programa nadal, normas de convivencia e material...	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos de Nadal	Asemblea inicial Contos e Cantos de Nadal
10.00 ás 10.30	Xogos grupais de presentación e cooperativos	Itinerario ambiental (con achegamento en bus)	Xogo das Adiviñas no Parque das Torres	Ruta ambiental (con achegamento en bus)	Visita e Paseo ao Viveiro de árbores autóctonas Santa Cruz
10.30 ás 11.15	Xoguetes con cortizos reciclados		Traballos na Horta ecolóxica		
11.15 ás 11.30	Merendiña	Observación de aves desde o Observatorio de Crendes ou Orto	Merendiña	A paisaxe costeira e a invernada de aves	Merendiña
11.30 ás 12.00	Pequeno paseo á Illa do Castelo Tempo libre e xogos no Parque Santa Cruz		Tempo libre. Xogos no parque ou no patio	Tempo libre. Xogos no parque ou no patio	Merendiña en ruta
12.00 ás 13.30	Investigando na baixamar nos arredores da Illa Recollida selectiva de plásticos	Merendiña en ruta	Plantación e sementeira de árbores		Encontros de Nadal de Pequenos e Maiores e visita sorpresa
13.30 ás 14.00	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día	Asemblea grupal, diario e lembranza do día. Despedida final

● PRAZAS:

- **25** para nenos e nenas nados entre **2011 e 2013**.
- **25** para nenos e nenas nados entre **2014 e 2016**.

● **DATAS:** do 26 ao 30 de decembro en horario de 09.00 a 14.00 h.

● **DESTINATARIOS/AS:** alumnado de Educación Primaria.

● **LUGAR:** CEIP Isidro Parga Pondal.

● **PREZO:** 30,00 euros.

● **PREINSCRICIÓN:** desde o 1 ao 9 de decembro.

Farase cubrindo o seguinte formulario de inscrición no seguinte vínculo:

<https://forms.gle/sCyoWMWSoCpZ2pwk6>

Podes acceder tamén escaneando o código QR ►



● **SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas, terá lugar un sorteo o día 12 de decembro na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.

● **INSCRICIÓN:** do 13 ao 20 de decembro os participantes con praza terán que formalizar a inscrición preferentemente por correo-e (ensino@oleiros.org) enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado.

● **REUNIÓN INFORMATIVA:** o día 21 de decembro ás 20.30 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

QUE HAI QUE LEVAR?

- Máscara para os desprazamentos en bus.
- Unha mochila pequena e cómoda para os paseños.
- A merendiña sana e saudable para a media mañá.
- Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Unha muda para posibles continxencias.
- Gorriña ou pucho para o sol ou o frío.
- Chuvasqueiro, por se chove.
- Cantimplora ou botella de auga.
- Un caderniño e un lápis: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- Lembrede de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.

Outro material que tamén podes levar: ▼

- Prismáticos: serviranche para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno.
- Contos.

Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.

Máis información
SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN
Teléfono: 981-610000 Extensión 4922

Correo-e: ensino@oleiros.org

HORARIO XERAL:

O horario do CAMPANADAL é de **09:00 a 14:00 h.**

Concello de  **Oleiros**